

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

CONVOCATORIA

Vista a relación de expedientes concluídos posta a disposición desta Alcaldía pola Secretaría Xeral con data 8 de marzo de 2021, a efectos da súa inclusión na orde do día da sesión ordinaria que a Xunta de Goberno Local realizará o día 9 de marzo de 2021.


Visto o novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020, e que entra en vigor ó día seguinte ao da súa publicación, que dí:

«3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten».

Visto canto antecede, no uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, mediante o presente escrito convócaselle á sesión ordinaria que a Xunta de Goberno Local realizará por medios telemáticos (videoconferencia) o próximo día 9 de marzo de 2021 ás **13:45** horas, en primeira convocatoria, e procederase en segunda de acordo co estipulado no artigo 113.1.c) do R.O.F., coa seguinte:

ORDE DO DÍA

- 1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DE 23.02.2021.**
- 2. PROPOSTA APROBACION FACTURA F-2021-492**
- 3. CAMBIO DE TITULARIDADE DE VAO (EXP. 2021/V008/000001)**
- 4. SOLICITUDE DE REMISIÓN DE RECIBO DO LIXO DE VIVENDA DE NOVA PROPIEDAD**
- 5. SOLICITUDE CAMBIO DE TITULARIDADE DO PAGAMENTO DA RECOLLIDA DE LIXO**
- 6. SOLICITUDE DE ANULACION DE RECIBO DA TAXA DO LIXO 2020 (Nº FIXO 253000643682)**
- 7. SOLICITUDE DE CAMBIO DE TÍTULARIDAD DE TODOS OS RECIBOS POR FALECIMENTO DO TITULAR**
- 8. SOLICITUDE DE BAIXA NO RECIBO DO LIXO**
- 9. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN E PAGO FINAL DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DOS RÍOS DE CEDEIRA ANO 2020**
- 10. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS O BECO DO IES PUNTA CANDIEIRA ANO 2020**



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

- 11. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE LÁMPADAS LED NOS LUGARES DE FRAGOSO, VECIÑEIRA E OUTROS**
- 12. ADXUDICACIÓN DA OBRA DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2020**
- 13. APROBACIÓN CERTIF. NÚM. 1 DA OBRA DE EXTENSIÓN DO SANEAMENTO EN VILACACÍN**
- 14. APROBACIÓN DAS CERTIFICACIÓNS DE OBRA NÚM.S 1 E 2 DE "NOVA REDE DE SANEAMENTO NAS RÚAS ESTRADA, VALDOVIÑO E OUTRAS"**
- 15. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA REHABILITACIÓN ESTRUCTURAL E DO PAVIMENTO DO ANEL VERMELLO DA PRAZA ROXA**
- 16. ASUNTOS VARIOS**

A partir desta data ten Vde. á súa disposición, na Secretaría desta Corporación, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

Así mesmo, tendo en conta que a Xunta de Goberno Local realizarase por medios telemáticos, remitiráselles ós concelleiros a documentación relacionada cos asuntos que figuran na orde do día por correo electrónico.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.